

Asociacions Culturais

CORAL POLIFONICA DE BETANZOS

A Coral Polifónica de Betanzos ó longo do ano 1983 organizou un bon número de actividades culturais realizando ademais 25 actuacións en Betanzos e en distintos puntos de Galicia.

Estas actividades e actuacións foron as seguintes:

XANEIRO

Día 2: na Residencia-Asilo “*El Coto*” concerto, felicitación das Pascuas e regalos ós vellos ali acollidos.

Día 22: concerto en Burela (Lugo) con motivo das actividades culturais da Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia.

MARZO

Día 3: comemoración do XIV Aniversario da fundación da Coral, cunha reunión dos componentes á que asistiron as primeiras autoridades.

Día 25: “*XV Pregón de Semana Santa*”, pronunciado por don Julián Marcos Alonso, notario de Betanzos, na eirexa de Santo Domingo de Betanzos; a continuación dou un concerto de música sacra a Coral.

ABRIL

Día 10: misa solene na eirexa de Santiago de Betanzos con motivo do homenaxe popular ós Irmáns García Naveira.

Día 23: concerto en Monforte de Lemos (Lugo) con motivo das actividades culturais da Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia.

MAIO

Día 15: misa solene na eirexa parroquial de Laraxe (Pontedeume).

Día 17: concerto en Neda, con motivo do Día das Letras Galegas.

Día 21: concerto en San Xoan de Piñeiro, con motivo dos actos comemorativos do Día das Letras Galegas.

Día 29: concerto en Villalba (Lugo) con motivo da clausura dos actos comemorativos do Día das Letras Galegas.

XUNIO

Día 5: misa solene na Catedral de Lugo, con motivo da Ofrenda ó Santísimo Sacramento presentada polo alcalde de Betanzos.

Día 11: concerto en Melide, dentro das actividades culturais que organizou Froito Novo e a Coral de Melide.

Día 20: concerto na Coruña nos actos culturais das Festas das Fogueiras de San Xoan.



F. Fersal

AGOSTO

Día 12: Concerto de Vran no cine Capitol de Betanzos no que participaron o grupo Saraibas de San Saturnino e a Coral.

Día 15: misa solene na eirexa de Santa María con motivo das Festas Patronais de Betanzos.

Día 16: misa solene na eirexa de Santo Domingo con motivo da Función do Voto da Cidade ó seu Patrono San Roque.

SETEMBRO

Día 11: comemorouse o Día do Socio. Mais de 200 socios protectores e os componentes da Coral se dirixiron en lanchas, polo río Mandeo, ós Caneiros, onde se fixo unha festa con comida enxebre amenizada polo grupo de gaitas "Os Areeiras" de Catoira a rematando todo cunha queimada.

OUTUBRO

Día 2: misa solene e concerto na eirexa de Culleredo con motivo das Festas Patronais.

Día 8: Concerto-homenaxe á Coral Polifónica de Betanzos por parte da Comisión de Festas Nosa Señora do Rosario da Cidade Vella da Coruña, en atención á laboura cultural desenvolvida. Neste homenaxe participaron: a Agrupación musical "Albéniz" da Coruña; don Javier Fonte Gundín (director de Cantigas da Terra) acompañado pola agrupación Albéniz e a Coral de Betanzos, actuando conciuentemente coa Agrupación Albéniz. A Coral de Betanzos recibiu unha placa de plata comemorativa.

NOVEMBRO

Día 5: concerto en Carral.

Do día 12 ó 30: "XV Festival Santa Cecilia" no que se realizaron os seguintes actos:

—X concurso literario xuvenil, ó que se presentaron máis de vinte traballos sobre un conto de tema libre. Os ganadores foron: Almudena Lendoiro Pantín de Ponte-Baxoi, Miño (na modalidade de 11 a 14 anos) e Xosé Manuel Dapena Varela de Santiago (na modalidade de 15 a 18 anos).

—Día 12: actuación do "Cuadro de Jota de la Casa de Aragón" de Madrid, no Salón Liceo, patrocinado pola Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia.

—Día 15: representación da obra "Mal año de lobos" no cine Capitol, pola Agrupación Teatral Coruñesa, patrocinado pola Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia.

ASOCIACIONS CULTURAIS

—Do día 18 ó 27: exposición de Artesanía Galega de alta lencería de encaixe de Camariñas según deseño de Teresa Rego.

—Día 19: concerto da Coral RENFE de Monforte de Lemos e actuación do grupo de danzas e gaitas (e dos seus dous humoristas), patrocinado pola Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia.

—Día 22: festividade de Santa Cecilia, patrona dos músicos e cantores. Misa solene aplicada polos socios da Coral xa mortos e cantada pola Coral Polifónica de Betanzos na eirexa de Santo Domingo.

—Día 23: Concerto-homenaxe a Richard Wagner no centenario do seu pasamento (1883-1983) coa actuación do Quinteto de Vento "Academia" de Praga e a Coral Polifónica de Betanzos. Este acto tuvo lugar na eirexa de Santo Domingo e foi patrocinado polo Concello de Betanzos.

—Día 26: festival folklórico de música e humor, cunha conferencia do debuxante e humorista "Siro" sobre o "Humor en Galicia" e a actuación da charanga do "Cuco de Velle" (Ourense), no Salón Liceo.

—Día 28: zarzuela "La del manjo de rosas" pola Agrupación Teatral Coruñesa no cine Capitol, patrocinado pola Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia.

—Día 30: clausura do Festival coa entrega de premios ós ganadores do X Concurso Literario Xuvenil e a proxección da película "El Mago de Oz" no cine Alfonsetti.

—Día 13: concerto en Ordenes, con motivo das actividades culturais organizadas pola Sociedade Cultural "Sementes do Arte".


DECEMBRO

Día 22: concerto de Nadal no Salón Liceo de Betanzos.

Día 24: misa solene de Noiteboa na eirexa de Santo Domingo de Betanzos.

Día 30: grabación de paxoliñas para a Televisión Galega.

O dia 26 de xaneiro de 1983 tuvo lugar a xunta xeral ordinaria, á que asistiron a maioría dos componentes da Coral. Na dita xunta presentouse o estado económico da entidade. Logo procedeuse á elección de presidente e xunta directiva que quedou constituída da seguinte maneira: Luis Vaamonde Germade (presidente); Carmen Campillo Casal (vicepresidente); Angel Fernández García (depositario); vocais: María Crespo Hermida, Remedios Martínez Teijo, José López González e Santiago Salanova Rodríguez; director musical e artístico, Manuel López Castro.



ASOCIACION CULTURAL BETANCEIRA

Esta asociación, especialmente preocupada por cuestións sociais e culturais, leva adiante no ano 1983 o seguinte programa de actividades:

ANUARIO BRIGANTINO 1983

XANEIRO

Día 7.— Mesa redonda sobre "A contaminación en Betanzos", con participación de partidos políticos (P.S.O.E., U.C.D., P.C.E.), empresas (Riego S.L.), ecoloxistas (A.D.E.G.A) e veciños.

FEBREIRO-MARZO

Inténta a creación dunha coordinadora para o estudo da contaminación e deterioro da Ría de Betanzos, invitando a ecoloxistas, cofradías de pescadores, AA.VV. de Betanzos, Miño, Coirós, Paderne...

ABRIL

Solidaridade co homenaxe organizado pola Asociación Cultural "*Alexandre Bóveda*", ó investigador e xeólogo galego D. Isidro Parga Pondal.

Reunión e roda de prensa con representantes das distintas candidaturas que concorren ás eleccións municipais en Betanzos, a cuios candidatos se lles entrega unhas reivindicacións "*mínimas*" da Asociación.

Solidaridade co psicólogo don Francisco Lago contratado pola A.P.A. do Colexio "*Vales Villamarín*".

SETEMBRO

Publicación do número 2 da revista "*Aguillón*".

SETEMBRO-OUTUBRO

Campaña de recollida de lápices, xunto con CC.OO. e U.G.T. en solidaridade coa campaña de alfabetización de Nicaragua.

Ciclo de conferencias no centenario de Karl Marx, días 23, 24 e 30 de Setembro e 1 de Outubro.

— "As classes sociais en Marx" por Xosé Vilas Nogueira.

— "Os novos movementos sociais e o marxismo" por Miguel Cancio.

— "Economía e marxismo" por Xosé-Manuel Beiras Torrado.


— "Aportación de Marx ó pensamento moderno" por Senén Murias Taboada.

DECEMBRO

Actos en solidaridade cos pobos de Centroamérica.

Día 16: proxección de video e debate sobre Nicaragua.

Día 18: proxección de diapositivas e debate sobre Nicaragua.



GRUPO UNTIA

A actividade cultural deste grupo ó longo de 1983 concretouse fundamentalmente en tres aspectos:

—Adquisición de pezas e montaxe do Museu das Mariñas.

—Coordinación do Anuario Brigantino 1982.

—Realización da exposición Betanzos Onte 2.



AGRUPACION MUSICAL DE PULSO E PUA "CARLOS SEIJO"

Os anos e as sucesivas actuacións veñen asentando progresivamente esta agrupación no contexto socio-cultural de Betanzos.

Durante o ano 1983 fixo as seguintes actuacións:

- 18 de febreiro, Centro Social da Sagrada Familia da Coruña.
- 8 de abril, Teatro Alfonsetti de Betanzos.
- 14 de maio, Fogar do Pensionista da Seguridade Social de Santiago.
- 12 de abril, homenaxe ós Irmáns García Naveira en Betanzos.
- 4 de xunio, Asociación Cultural e Recreativa "A Frouxeira" en Valdoviño.
- 2 de xulio, organizado por "Froito Novo" en Melide.
- 4 de novembro, "Círculo de Artesanos" na Coruña.
- 19 de novembro, Fogar do Pensionista da Seguridade Social de O Ferrol.
- 20 de novembro, Fogar do Pensionista da Seguridade Social de Santiago.
- 22 de decembro, Festas do Nadal, organizada pola Delegación de Cultura do Concello de Betanzos.
- 24 de decembro, actuación na Misa do Galo do Santuario de Nosa Señora dos Remedios.

Ademais, a agrupación musical "Carlos Seijo", imparte —diariamente— clases de guitarra, laúd, bandurria e mandolina; e, os martes e xoves, clases especiais para a inicación neses instrumentos e ir formando ós xóvenes que, logo, engrosarán as filas da agrupación musical.

Directiva: Juan Suarez Barros (presidente); Esteban Martinez Lago (vicepresidente); Fernando Bouza Mesía (tesoureiro); Marcelino Alvarez López (secretario); Francisco López López (director musical); vocais: Manuel López Castro, Ana Recio Sánchez, Manuel Fernández Rosende, Francisco López López, José La-goa Fernández, Roberto Medín Fernández.

AGRUPACION DE SANTA MARIA

Este grupo de rapaces mostrou a sua actividade ó público fundamentalmente a través do Nacemento Vivente que fixeron no Adro de Santo Domingo o dia 23 de Nadal.

ASOCIACION DE "AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR"

Esta asociación na actualidade conta con 350 socias. As actividades desenvoladas durante o ano foron:

XANEIRO

Día 21: charla de dona Gloria López sobre "*Se puede ser siempre sano y por siempre joven*". Día 30: cursiños de primeiros auxilios.

FEBREIRO

Día 3: cursiños de primeiros auxilios. Día 4: demostración de cociña. Día 8: Viaxe cultural á Coruña con motivo de asistir a unha mesa redonda na Aula de Cultura sobre "*El aborto*". Días 10 e 17: cursiños de primeiros auxilios. Día 24: demostración de galletas L.U.

MARZO

Días 4, 11 e 16: cursiños de "*pan de oro*". Día 12: desplazamento a Carral para celebrar o "*Día Provincial del Ama de Casa*". Día 21: visita ó Museo Histórico Arqueolóxico. Día 24: demostración de cociña a cargo de dona Pura González.

ABRIL

Días 8, 15, 22 e 26: cursiños de esmalte. Día 10: charla a cargo de dona Carme Pita. Días 11, 12, 13, 14 e 15: charla-coloquio sobre *La problemática de las drogas, drogodependencias y su posible prevención*"; interveñen membros do Equipo Técnico do Centro de Prevención, Asistencia e Rehabilitación de Drogodependencias e membros da Asociación Cidadán da loita contra a droga da Coruña. Día 20: charla a cargo da Dra. Temprano sobre "*Orientación Familiar*". Día 28: Asamblea Xeral da Asociación.

MAIO

Día 10: charla sobre "*Derechos y deberes del consumidor*" por dona Carmen Pita. Día 17: dona Manolita Cerqueira da unha charla sobre "*Congelación de alimentos*". Día 25: visita cultural ós Pazos do Riveiro en colaboración co Museo Arqueolóxico. Día 30: dona M.^a Elena Martínez Lage da unha conferencia sobre "*Renacimiento en Italia*".



Recepción no Concello con motivo do "*Día Provincial del Ama de Casa*" o 8 de xunio. Foron recibidas polo Alcalde da cidade, don Antolín Sánchez Presedo, e estaban acompañadas por don José R. Núñez, cronista oficial da cidade.

ASOCIACIÓNS CULTURAIS

XUNIO

Día 8: celebración do “*Día Provincial del Ama de Casa*” en Betanzos. Día 28: patrocinado por esta asociación, actuación do “*Ballet-estudio*” de Betanzos.

XULIO, AGOSTO, SETEMBRO

Sen actividade exterior, se ben continua a interna con reunións no Concello como membros da Comisión pro feiras, reunións no local da Asociación, etc.

OUTUBRO

Día 7: viaxe a Portugal. Día 19: desplazamento a Oleiros para celebrar o “*Día del Ama de Casa*”. Día 28: conferencia a cargo do Dr. Hernández Cochón sobre “*Higiene en los alimentos*”.

NOVEMBRO

Días 4, 11, 18 e 25: cursiños de esmalte por dona María Marcos. Día 10: conferencia a cargo de Monitores de Educación Maternatural sobre “*Preparación al parto y educación maternal*”.

DECEMBRO

Día 7: visita á exposición de Dalí na Coruña. Día 9: dona “*Purita*” González fai unha demostración de cociña navideña. Día 13: viaxe á Coruña para participar en “*El Consumo en Galicia*”. Día 16: mesa redonda sobre o “*Cáncer: diagnóstico y tratamiento*”. Día 19: cursiños de decoración navideña. Día 21: celebración do 3.º aniversario da asociación; e dona Tutú García Cidón fai unha conferencia sobre “*Introducción a la Navidad*”.

Directiva: Elvira Otero Rivera (presidenta); Ester Camino Rodríguez (vicepresidenta 1.ª); Milagros del Río Sánchez (vicepresidenta 2.ª); Sara Fernández Martínez (vicepresidenta 3.ª); Leonor Seijo Carro (secretaria); M.ª del Carmen López Díaz (tesoreira); vocais: Ana del Río Sánchez, Encarnación Sanjurjo Pérez, M.ª del Carmen Morandeira Fariñas, M.ª del Carmen Lorenzo Muiños, M.ª del Pilar Sánchez Sarasa, Celia Gómez Souto.



GRUPO DE TEATRO “BERROS”

O grupo de teatro “*Berros*” nace das inquedanzas dun fato de mozas e mozos betanceiros. Os co-menros foron, e ainda son, de gran dificultáde. O seu director, don Andrés Ares Pérez, home de experien-cia teatral, ten no seu haber cursos de Expresión Corporal, feitos en Suiza e tamén de Arte Dramático na Coruña.

Durante este ano presentaron a obra: “*La casa de Bernarda Alba*” de Federico García Lorca que representaron en:

—Guísamo, o 12 de maio, na Escola de Capacitación Agraria.

—Bétanzos, o 17 de agosto, durante as Fiestas Patronais de San Roque.

—Betanzos, o 9 de setembro, con motivo de arrecadar fondos para os danificados das inundacións do Norte de España.

—Cambre, o 15 de outubro, tamén con motivo de arrecadar fondos para os danificados das inunda-cións.

Con este grupo Betanzos intenta recuperar a súa antiga tradición teatral.